



DESTRUCCIÓN

A

TODA COSTA

XULLO 2005

GREENPEACE

GALICIA





© Greenpeace

URBANIZACIÓN NO LITORAL

As porcentaxes de urbanización do primeiro quilómetro de costa galega igualan a media nacional (25%) no caso das **Rías Baixas**, e diminúen esta porcentaxe na costa da **Coruña** (13,9%) e **Lugo** (8,5%). Pero a construción segue a un ritmo impareable; a superficie urbanizada creceu en Galicia un 12% nos últimos anos, segundo revela un informe elaborado polo Instituto Xeográfico Nacional para o Proxecto Corine Land Cover, o que supuxo a perda de 6.000 hectáreas de bosque e espazos naturais.

O urbanismo na costa galega caracterízase pola anarquía construtiva e a desidia administrativa que contribuíron en grande medida á degradación da paisaxe galega, o que os seus habitantes chaman “feísmo”.

A Xunta de Galicia non parece disposta a poñer orde nesta franxa de terreo e modificou a Lei do Solo para facer aínda máis febles as medidas reguladoras en materia urbanística. A modificación desta normativa supuxo o outorgamento de maiores

potestades urbanísticas ós concellos, deixando así en mans dos consistorios a aprobación dos plans xerais de ordenación urbana. Estes tardaron pouco tempo en intentar encher de cemento os seus termos municipais coa única oposición dos veciños, que contemplan asustados os plans urbanísticos que prevén duplicar ou triplicar as vivendas existentes.

Entre os máis contestados encóntranse o Plan Xeral de Ordenación Municipal de **Vigo** e o PXOU de **Marín**, que teñen recollido miles de alegacións polas afeccións que suporán, así como pola desaparición dos espazos verdes.

Tan só se reserva a Xunta a potestade de ordenar a edificación nos primeiros 500 metros de costa en función das condicións de cada zona e para iso planea elaborar un Plan Sectorial do Litoral de Galicia que afectará ós 1.700 quilómetros da costa galega pero que, segundo recoñece o Director Xeral de Urbanismo, non restringirá a edificación, tan só delimitará os terreos aptos para as instalacións de acuicultura, aproveitamentos turísticos, construción de paseos marítimos e outras acti-

vidades “propias da costa”. Outro dos obxectivos do plan é posibilita-lo crecemento dos núcleos rurais cara o mar e anunciouse que as condicións do plan serán menos restritivas que as que se recollen na Lei do Solo.

A **comarca do Barbanza** acolle desde hai varios anos a construción de miles de vivendas, na súa meirande parte destinadas a segundas residencias. Tan só neste ano constrúense edificios para dar cabida a máis de 3.000 vivendas. Tampouco escapa a este boom urbanístico a **Costa da Morte**, onde o sector inmobiliario ve a posibilidade de comprar terreos a baixo prezo para construír apartamentos para veraneantes.

Municipios coma o de **Sanxenxo** son o máis claro exemplo da desidia por conservar-la paisaxe costeira e por respecta-la legalidade. Aínda que o Concello afirma estar a loitar contra a saturación urbanística, a actividade construtora segue sendo frenética nesta localidade costeira. Un dos casos máis salientables é a construción dunha vivenda dentro da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre que conta co visto bo da Xerencia

de Urbanismo do Concello a pesares de non axustarse ó plan de urbanismo desta localidade pontevedresa.¹

Outros concellos coma o de **Canido** tamén exemplifican esta situación, cunha praia practicamente reducida á nada por mor da construción de casas practicamente enriba da area.

Poucos concellos se resisten a ver cheas as súas arcas grazas ás licencias de construción. En **Castiñeiras** (Ribeira), o Concello solicitou á Consellería de Obras Públicas un informe que lle permita acreditar que pode construír dentro dos 100 primeiros metros de costa, a pesares de que esta franxa de terreo pertence ó dominio público marítimo-terrestre e, polo tanto, está prohibido realizar edificacións nela.

URBANIZACIÓN EN ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

Os espazos naturais costeiros non gozan de boa saúde en Galicia debido ó acoso constante que sofren por parte das administracións. Encontramos un exemplo na **lagoa de Traba (Laxe)**, onde se presentou un proxecto para recupera-lo entorno da lagoa que irá acompañado da construción de 80 vivendas nunha zona excluída do

espazo protexido e declarado como Lugar de Importancia Comunitaria da Rede Natura 2000.²

A **lagoa de Baldaio** sofre graves problemas de conservación e protección. A colocación de rochas colocadas para impedi-la entrada de fuel trala marea negra do Prestige supuxo o impedimento da circulación de augas e sedimento, o que provocou a acumulación de area entre o mar e a lagoa, interrompéndose así o intercambio de auga doce e salgada que daba riqueza a esta zona húmida. Ademais, as súas dunas vense constantemente invadidas por vehículos, proliferan as construcións ilegais nas súas inmediacións e ábreanse camiños sen licenza.

As **dunas de Baltar en Portonovo**, a pesares de ter sido recentemente rexeneradas, recibirán barracas e atraccións durante a celebración das festas da vila. Este feito, prohibido pola Lei de Costas, evidencia a falta de coñecemento dos beneficios e riquezas que supón gozar dun ecosistema dunar nun núcleo urbano, o que a estas alturas, constitúe unha auténtica rareza no litoral galego e español. A asociación Ecoloxistas do Salnés iniciou unha campaña de divulgación entre os veciños para reclama-lo traslado das instalacións festivas.

A construción dunha pista entre Traba (**Laxe**) e Camelle (**Camariñas**), nun tramo costeiro pertencente á **Costa da Morte**, declarado como Lugar de Importancia Comunitaria, suporía unha grave agresión ambiental a unha zona que na actualidade carece de presión urbanística e de accesos ó tráfico de vehículos.¹

TURISMO

A “explosión” turística da costa norte é un feito. Atraídos polos baixos prezos, as costas galegas vanse enchendo de proxectos a cargo das mesmas inmobiliarias que saturaron o litoral mediterráneo durante as tres últimas décadas.

As promocións incorporan, ademais, campos de golf e portos deportivos, como a planeada por Fadesa en **Miño**. O meirande cambio é o sufrido pola costa ártabra, onde se acumulan estas novas promocións. **Foz** e **San Cosme de Barreiros**, en Lugo, acumulan tamén un gran número de promocións en marcha.

MANIFESTACIÓN
MULTITUDINARIA CONTRA
O PXOM DE CANGAS



© Greenpeace

[1] A asociación Salvemos Pontevedra presentou unha denuncia contra esta construción.

[2] O Comité de Defensa das Rías Altas denunciou estes feitos ante a fiscalía.

A MOBILIZACIÓN POPULAR PROVOCA A ANULACIÓN DO PLAN URBANÍSTICO DE CANGAS

O 19 de marzo, unha manifestación multitudinaria contra o PXOM, Plan Xeral de Ordenación Urbanística, de Cangas marcaba o principio do fin dunha operación urbanística que tería desfeito unha parte importante da fronte marítima do concello e duplicaría a densidade da poboación deste pobo do Morrazo, que xa é hoxe de 600 habitantes por quilómetro cadrado [similar á dunha cidade coma Pontevedra].

A oposición dos veciños, que volverían saír á rúa o 3 de abril, e a proximidade das eleccións galegas acabou coa anulación, o 7 de abril, dun plan que pretendía, segundo reza no propio documento do PXOM, “libera-la maior cantidade de solo posible para a construción”.

O PXOM, tal e como estaba proposto, ía a supor a urbanización masiva de 29 áreas de solo urbanizable. Ademais, a súa aprobación supuña legalizar dúas grandes operacións especulativas redactadas nos Convenios Urbanísticos de Aldán e Massó.

As peculiaridades deste concello costeiro fan que só sexa posible construír nun 30% do seu territorio, xa que un área de 31 quilómetros cadrados alberga 31 quilómetros lineais de costa. Por iso, moitos quilómetros de terreo están protexidos por servidumes de costas ós que hai que sumar servidumes de ríos, áreas con protección agrícola forestal e espazos protexidos pola Xunta e pola Rede Natura.

A oposición veciñal vertebrouse arredor do Foro Social pola Defensa do Pobo, unha asociación que tratou de manter informada á cidadanía contra a actuación conxunta do PP e o PSOE.

OS CONVENIOS URBANÍSTICOS

O Convenio de Aldán supuña recualificar 2.700.000 metros cadrados de solo forestal mercado pola empresa Promalar (operación pechada polo avogado Antonio Acuña, ex concelleiro do PP) ós Condes de Aldán. Sobre estes terreos existe unha reclamación dos veciños desa parroquia canguesa, xa que eran montes comunais (propiedade veciñal). Sobre os terreos producíronse varias revendas que complican a reclamación cidadá (curiosamente o avogado dos Condes está vinculado ó grupo socialista local).

O convenio recollía a construción dunhas 5.000 vivendas, un cemiterio privado, un xeriátrico, hoteis e un centro comercial.

O outro convenio, que afecta á área da antiga fábrica conserveira de Massó, recualificaba como solo urbano 197.400 metros cadrados de solo industrial que encerra ademais unha lagoa cun alto valor ecolóxico (hábitat de 175 especies de vertebrados, entre elas aves migratorias e algunhas en perigo de extinción).

A empresa Frigoríficos del Morrazo é a propietaria maioritaria e pediu a recualificación do terreo alegando que era necesario afastar-la área industrial do centro urbano e trasladala ó polígono situado no alto da Portela. Dáse a circunstancia de que Frigoríficos del Morrazo está situada entre o centro urbano e Massó cortando o paso pola costa e provocando un grande impacto visual no concello. Coa recualificación dos terreos a única empresa que quedaría no centro urbano sería a súa e os propietarios néganse a cambiar-la súa situación.

Na área pretendíase construír un porto deportivo de 420 amarres sobre un caladoiro de pesca de baixura, un hotel e un restaurante en primeira liña de costa, un centro comercial, unhas 750 vivendas en urbanizacións de luxo, un paseo marítimo e converter un peirao en desuso nun dique de 599,5 metros de lonxitude. O Estudo de Impacto Ambiental do porto deportivo amosa algunhas irregularidades como a falta de alegacións tanto da Consellería de Pesca como da Consellería de Medio Ambiente.

A pesar da anulación do PXOM, o futuro do Plan é incerto. A tramitación do Plan Xeral continuará despois das eleccións e será a Xunta a que teña a última palabra. Polo de agora, as empresas Promalar e Frigoríficos del Morrazo pagaron xa ó Concello 3,5 dos 11 millóns de euros acordados pola recualificación dos terreos. E o Goberno do concello do PP insiste en que se gañan as eleccións, o PXOM sairá adiante.



© Greenpeace

ACTUACIÓN E INFRAESTRUTURAS NA COSTA

Un dos mellores exemplos da importación das malas prácticas das zonas costeiras mediterráneas á costa galega coa escusa de servir ó turismo atopámolo en **Sanxenxo**. O proxecto para construír un paseo marítimo que enlazaría a praia de Xilgar e a de Portonovo suporá a realización de grandes desmontes e movementos de terras, así como a tala do único piñeiral situado no borde costeiro da área, a Punta de Vicaño.

A costa galega segue enchéndose dunha lista interminable de proxectos de novos paseos e sendas marítimas que ameazan con non deixar un metro de litoral virxe: paseo marítimo en Punta de Vicaño (**Sanxenxo**), ampliación do paseo marítimo de Cangas á Punta dos Castros (**Foz**), paseo peonil en Arealonga (**Foz**), senda entre Bamio e Carril (**Vilagarcía de Arousa**), paseo marítimo entre a punta de Ferazo e o Porto de Vilaxoán (**Vilagarcía de Arousa**), terceira fase do paseo marítimo de Xuvia (**Ferrol**), paseo marítimo na Guía (**Vigo**), paseo marítimo en Taragoña (**Rianxo**), paseo peonil no Pedrido (**Sada**), paseo entre a enseada do

Baño e a praia da Bestarruza (**Ferrol**), senda na Redonda (**Ferrol**), paseo marítimo en Escarabote (**Boiro**), paseo marítimo en Pedra Moura (**A Pobra**), senda peonil de catro quilómetros desde a praia da Salsa ata a praia de Sabón (**Arteixo**), construción dun miradoiro con mobiliario urbano na Pobra do Caramiñal, paseo marítimo no Pindo (**Carnota**), senda en Baldaio (**Carballo**), ampliación do paseo marítimo da Caosa (**San Cibrao**), paseo marítimo entre a praia de Cedeira e o porto (**Camariñas**), sendas peonís entre Lingunde e Area da Vila, paseo marítimo en Arou (**Camariñas**), segunda fase do paseo marítimo de Malpica, senda marítima de Cabana e paseo marítimo de Porto Do Son (**A Coruña**).

Os veciños de **Meira** reclamaron á Dirección Xeral de Costas a recuperación da illa de San Bartolomeu, que pasou de illote a península coa construción do Porto de Rande da autopista do Atlántico cuns recheos que fixeron desaparecer a praia existente e modificaron as correntes da enseada, o que provocou a desaparición dunha das praias con mellor ameixa fina e berberecho da **Ría de Vigo**. O proxecto de recuperación ten sido prometido en numerosas ocasións pero, ata o momento, non foi executado.

A caducidade da concesión do complexo industrial de **Ence-Elnosa na ría de Pontevedra** para ocupar os terreos de dominio público marítimo-terrestre onde se ergue na actualidade está a suscitar fortes polémicas. A Lei de Costas determina que unha vez caducado o permiso, no 2018, os terreos deben ser devoltos ó dominio público marítimo-terrestre para o goce de tódolos cidadáns. Tamén sinala a Lei de Costas que a concesión é improrrogable.³ A pesares disto, a empresa está intentando por tódolos medios continuar a ocupación do dominio público e propuxo ó Porto de Marín que incorpore o complexo industrial ós seus terreos, un feito desbotado polo de agora polo Ministerio de Fomento.⁴ Pola súa banda, a Consellería de Política Territorial amosou a súa posición favorable á integración de Ence no Porto de Marín. A desaparición da papeleira suporía a recuperación ambiental dunha ría á que estivo contaminando durante máis de corenta anos⁵ e, polo tanto, suporía beneficios para os bancos marisqueiros e o sector agroforestal, así como para o potencial turístico baseado nos valores naturais da zona.⁶

Os portos deportivos seguen aumentando en número no litoral galego. En tan só un ano engadíronse mil amarres ós 4.000

[3] Lei 22/1998, de 28 de xullo, de Costas. O Art. 66.2 establece que o prazo máximo de ocupación do dominio público marítimo-terrestre nunca excederá de 30 anos. O Art. 81.1 sinala que o prazo de vencemento para unha concesión é improrrogable.

[4] O Concello da localidade encargou un informe sobre a inclusión da fábrica de Ence en dominio público portuario que sinala que “só con enorme violencia conceptual podería encontrar cobertura na Lei de Réxime Económico e de Prestación de Servizos nos Portos de Interese Xeral”, xa que esta Lei sinala que só poderán levarse a cabo, dentro da zona de servizo dos portos de interese xeral, actividades, instalacións e construcións acordes cos usos portuarios e de sinalización marítima.

[5] A propia empresa reconece que emite á auga fósforo, cobre, zinc e mercurio, así como emisións ó aire de elevadas doses de óxido de nitróxeno (304.000 toneladas) e óxido sulfúrico (436 toneladas) ó ano.

[6] A Asociación pola Defensa da Ría elaborou o informe *Un futuro sustentável, social e de calidade para a Ría de Pontevedra e a súa cidadanía* que recolle as posibilidades de desenvolvemento sostible trala desaparición da fábrica de Ence.



existentes e o Plan Estratégico 2004-2007 de Portos de Galicia prevé que cheguen ata 14.389 en dous anos. Este feito motivou que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores solicite á Xunta de Galicia unha revisión dos plans de novos portos e recheos nas rías debido ós danos que están a causar ó sector pesqueiro.

A construción ou ampliación de novos portos ten efectos directos sobre a estabilidade das praias e sobre os ricos bancos marisqueiros situados no seu entorno. É o caso da ampliación do **Porto de Marín**, que supuxo a realización dunha serie de recheos que modificaron as condicións ambientais do entorno, o que se traduciu, segundo denuncian os mariscadores, na mortalidade da ameixa dos bancos da zona. En **Corme**, a Confraría da Ribeira denunciou que as obras de ampliación do porto destruírán os bancos marisqueiros da zona.

Muxía contará tamén cun novo porto para 200 embarcacións. No **Xufre** (Illa de Arousa) realizarase un recheo de 21.000 metros cadrados e construírse un dique de 200 metros para dar cabida a un porto deportivo. En **Canido**, a Xunta sacaba o ano pasado a concurso a creación dun porto deportivo que se asentará sobre a mesma praia da localidade. **Cedeira** tamén contará cunha nova instalación para barcos depor-

tivos. **Bueu** acaba de recibir-lo proxecto para a creación dun porto deportivo de grandes dimensións en Pescadoira.

O **porto deportivo da Lagoa**, que pasou de ter unha concesión de 5.000 metros cadrados a 53.642 cinco anos despois, solicitou 5.000 m² máis para seguir ampliando as súas instalacións. A meirande parte dos terreos do porto están ocupados por recheos sobre os que se levantaron dúas edificacións de forma ilegal e sobre as que pesan sendas ordes de derribo.⁷ A Autoridade Portuaria de Vigo está estudando na actualidade a concesión dos terreos onde se erguería un novo edificio.

En **Miño** (A Coruña) atópase actualmente en proceso a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) para recualifica-los terreos que permitan construír un novo porto deportivo en Punta Redonda, xunto a Perbes, a menos de dous quilómetros do porto deportivo de Sada. A construción deste porto suporía graves afeccións ambientais á praia de Miño, así coma ó banco de bivalvos que está preto.

Os recheos na **Ría de Vigo** para amplía-la superficie do porto da localidade é unha das actuacións que máis controversia espertou nos últimos anos. Os plans da Autoridade Portuaria para reenchere 200.000 m² na

zona do Areal e situar novos peiraos foron duramente contestados desde amplos sectores da cidade. Finalmente este proxecto semella ter sido desbotado, aínda que as novas pretensións supoñen reenchere 140.000 m² en Bouzas para crear un novo peirao de 1.200 metros de lonxitude.

O **Porto Exterior de Ferrol** xa ten rematada a súa primeira fase e desde diferentes sectores reclámase inicia-la segunda fase que triplicará a extensión do peirao de ribeira, un feito desbotado polo Ministerio de Fomento ó non existir demanda de tráfico suficiente que aconsellen realiza-la obra.

A tan só 12 millas preténdese situa-lo **Porto Exterior da Coruña**, en Punta Langosteira. O proxecto foi desbotado polo Ministerio de Fomento pola súa situación, unha zona de fortes correntes, e a complexidade técnica da obra, pero a marea negra do Prestige conseguiu que a Autoridade Portuaria e o alcalde da Coruña recuperaran o proxecto. A pesares de non ter garantido o financiamento, as obras do proxecto xa foron licitadas e adjudicadas e incluso se conseguiu o compromiso das empresas encargadas da construción de non reclamar indemnización algunha en caso de que se suspenda parcial ou totalmente a obra, nun dos exemplos de políticas consumadas que tanto se da no litoral español.

[7] As reiteradas ilegalidades protagonizadas polos promotores do Porto da Lagoa foron denunciadas pola asociación Voces polo litoral de Teis ante a Comisión Europea.

O proxecto vai acompañado dunha espectacular operación urbanística nos terreos do actual porto que enriquecerán a unhas cantas construtoras. A primeira pedra do porto exterior colocárona Manuel Fraga, Presidente da Xunta, e Elena Espinosa, Ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación en abril de 2005. O que ninguén se atreve a determinar é a súa data de finalización. As primeiras voaduras en Punta Langosteira foron interrompidas polos pescadores e mariscadores da zona, que ven perigar a súa forma de vida. Greenpeace denunciou a construción do porto e solicitou que se destine o custo da obra en monitorizar e recupera-la costa galega trala marea negra do Prestige.

A finais do 2004 presentábase o **Superporto Ártabros**, un proxecto para construír un porto na **Ría de Ares**, que se situaría entre os Portos de Ferrol e A Coruña. Os promotores do proxecto entregaron a documentación ó Ministerio de Fomento e solicitaron á Comisión Europea que o cualifique como Proxecto Prioritario de Interese Europeo para recibir apoio económico no seu financiamento.

CONTAMINACIÓN

A meirande parte das rías galegas carece de saneamento integral. Cidades como **A Coruña** e **Ferrol** carecen de depuradora e a de **Vigo** incumpre a normativa europea. Unha das zonas costeiras que sofre maiores problemas de contaminación da costa galega é a Ría de Vigo, onde os verquidos industriais sen depurar á ría e o deficiente saneamento das augas residuais dos concellos da zona son habituais.

Aínda serán necesarios dous anos máis para que o primeiro plan de continxencias por contaminación mariña das rías galegas vexa a luz. O plan para controla-la contaminación das industrias que verten ó mar identificará as localizacións de empresas e industrias potencialmente contaminantes para o medio mariño.

A marea negra ocasionada polo **Prestige** segue pasando factura ás costas galegas, que aínda presentan chapapote nalgúns puntos de **Carnota**, **Malpica**, **Carballo**, **Camariñas**, **Muxía**, **Cee**, **Fisterra**, **Corrubedo** ou o **Parque Nacional das Illas Atlánticas**, nunha superficie de máis de 60.000 metros cadrados. A reapertura da subcomisión de investigación sobre a catástrofe no



© Greenpeace/GdA Coruña

REFINERÍA DE REPSOL
EN BENS, A CORUÑA

Parlamento galego por orde xudicial sacou á luz as consecuencias ambientais do verquido que segue a padecer a costa galega case tres anos despois, e que os expertos alongan ata dentro de 10-15 anos.

Un estudio da Universidade de Vigo encargado polo Consello Económico e Social de Galicia cifrou os danos provocados ó sector pesqueiro e turístico polo Prestige nunha contía que oscila entre os 1.760 e os 2.500 millóns de euros. Datos aportados polo Equipo de Investigación de Economía Pesqueira e Recursos Naturais da Universidade de Santiago de Compostela amosan un descenso do 33% das capturas rexistradas pola pesca de baixura entre 2000 e 2005.

Os mariscadores da **Costa da Morte** denunciaron os dramáticos efectos do fuel sobre os bancos marisqueiros da zona, algo que foi desmentido polo Conselleiro de Pesca da Xunta, que opina que “non existe base científica” para tal afirmación e que a escaseza é debida ó “comportamento cíclico” das especies marisqueiras.

As obras realizadas trala catástrofe do Prestige non parecen moi encamiñadas a acabar coa contaminación, sexa cal sexa

a súa procedencia. Varias obras de saneamento na **Costa da Morte**, o saneamento integral de Camariñas e a construción dunha depuradora en Malpica e Laxe quedaron fóra dos presupostos da Xunta e do Estado.

E non son os únicos casos. As inversións previstas para a posta en marcha de programas de prevención e loita contra a contaminación mariña e as accións para o Tratamento de Residuos que se incluíron no Plan Galicia non recibiron ni un só euro dos Presupostos Xerais do Estado, aínda que a finais de maio se anunciaba que se destinarían 38 millóns de euros á recuperación ambiental dos ecosistemas no litoral atlántico.

Os verquidos de produtos petrolíferos seguen a producirse no litoral galego. Ós procedentes dos buques que navegan fronte as súas costas únense outros desde terra, coma o sucedido en xaneiro desde a refinería de Repsol en **Bens** (A Coruña). Tanto Greenpeace como a Confraría de Pescadores da Coruña interpuxeron denuncias ante a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por delito medioambiental que foron arquivadas. En Vilagarcía, **Vilaxoán** segue sendo un dos

PRAIAS NAS QUE EN 2004 DIMINUÍU O NIVEL DE CALIDADE DAS SÚAS AUGAS DE BAÑO

*(Informe sobre la calidad de las aguas de baño de la Comisión Europea)*¹⁶

Pontevedra

- Praia da Ribeira. Baiona.
- Praia de Salgueirón. Cangas.
- Praia de Raxo. Poio.
- Praia de Cesantes. Redondela.
- Praia de Samil, Mende, Fontafña e da Sobreira. Vigo.

A Coruña

- Praia do Rei, Valcobo, Barrañán e da Salsa. Arteixo.
- Praia de Gandarío e do Pedrido. Bergondo.
- Praia de Cabanas. Chamoso.
- Praia de Area Longa e de Arou. Camariñas.
- Praia da Ría de Baldaio. Carballo.
- Praia de Almeiras. Fene.
- Praia de Boa Pequena e de Taramancos. Noia.
- Praia de Rons. O Grove.
- Praia de Centroña. Pontedeume.

Lugo

- Praia da Rapadoira. Foz.

COMPLEXO INDUSTRIAL
DE ENCE-ELNOSA NA RÍA
DE PONTEVEDRA



© Greenpeace

puntos que verte augas negras á costa como consecuencia dos danos do emisario submarino da estación depuradora.

CONCLUSIÓN

A costa galega está sufrindo un dos peores procesos dexenerativos de todo o litoral español. Os anos de desidia no seu coidado, traducidos en episodios de contaminación tanto por terra como por mar foron substituídos por unha nova tendencia: enche-lo seu litoral de cemento en forma de portos deportivos e permiti-la construción dun grande número de vivendas no seu litoral acompañadas de campos de golf. O papel do Ministerio de Medio Ambiente parece contribuír a esta tendencia, xa que durante o último ano autorizou-se un grande número de obras na costa que contribúen a alterar de forma irreversible as características naturais deste tramo de litoral atlántico.

A transformación que está a experimentar a Costa de Morte trala catástrofe do Prestige evidencia o pouco valor que as administracións dan á conservación e recuperación dun litoral único polas súas caracte-

rísticas naturais. Cada día xorden novos proxectos de construción, créanse novos viales en zonas virxes ou constrúense portos deportivos, pero non se inviste en acabar coa contaminación provocada pola falta de depuradoras.


Un dos exemplos máis dramáticos é o da Ría de Vigo, acosada por verquidos industriais, reconversión de áreas do seu litoral en solo industrial, con graves deficiencias no saneamento das augas residuais que recibe a diario, a construción de grandes espigóns e diques, a realización de dragados para instalar portos deportivos. A pasividade das autoridades locais e autonómicas estimula a destrución deste ecosistema litoral, e con el, a riqueza económica e ambiental asociada.

O futuro da costa galega pasa polo compromiso de administracións, empresas e cidadáns co seu coidado. De continua-la tendencia actual, estaremos asistindo á destrución dun dos litorais máis fermosos e salvaxes de toda a península.



© Greenpeace

ESPAZOS COSTEIROS AMEAZADOS



Pontevedra

1. Canido. Proxecto de construción do porto deportivo con graves afeccións á praia da localidade.
2. Porto Deportivo da Lagoa (Vigo). Ampliación e edificacións no dominio público marítimo-terrestre.
3. Bueu. Novo porto deportivo.
4. Ría de Pontevedra. A pesares da caducidade da concesión para ocupa-lo dominio público marítimo-terrestre da celulosa de Ence-Elnosa, a empresa non quere marchar.
5. Porto de Marín. A ampliación afectou ós bancos pesqueiros da zona.
6. Sanxenxo. Saturación urbanística. Destrución de piñeiral costeiro para construír un paseo marítimo.

7. Portonovo. Colocación de atraccións en dunas rexeneradas.
8. O Xufre (Illa de Arousa). Ampliación do porto deportivo.

A Coruña

9. Castiñeiras. Intentos de urbanización en dominio público marítimo-terrestre.
10. Cabo Touriñán. Parque Tecnolóxico Alimentario (granxa de acuicultura) en Lugar de Importancia Comunitaria.
11. Muxía. Novo porto deportivo.
12. Pista Traba-Camelle en zona virxe.
13. Laxe. Lagoa de Traba. Desprotección para a súa urbanización.
14. Porto de Corme. A ampliación planificada afectaría ós bancos pesqueiros da zona.

15. Costa da Morte. Contaminación por falta de depuradoras de augas residuais.
16. Lagoa de Baldaio. Construcións ilegais, destrución de dunas.
17. Bens (Coruña). Verquido de Repsol.
18. A Coruña. Carece de depuradora de augas residuais.
19. Porto Exterior da Coruña. Destrución dun tramo de costa virxe en Punta Langosteira.
20. Miño. Urbanización + porto deportivo + campo de golf.
21. Ría de Ares. Proxecto de construción do "Superporto Ártabros".
22. Ferrol. Carece de depuradora de augas residuais.

¹ "A construción dunha pista entre Camelle e Traba destruíría un treito de costa virxe". Nota de Prensa de ADEGA.

² *Informe sobre la Calidad de las aguas de baño. Tempada 2004*. Comisión Europea.
http://www.europa.eu.int/water/water-bathing/report/bathing_report_2004_es.pdf